



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE DECEMBRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e dous de outubro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Miguel Angel Español Otero**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. N^o. 6.368 DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1^o TRANSVERSAL BRASIL N^o. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARACIÓN E DESMONTE DO ALEIRO E CORNIXA NUNHA LONXITUDE DE 80,00 MTS. LINEAIS, DA EDIFICACIÓN PROPIEDAD DE D^a. FLORA ISABEL GOYÁS FERNÁNDEZ SITA NA RÚA DE GALICIA N^o. 8 CON FONDO A RÚA DE SECUNDINO MELÓN, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO MARTÍNEZ PÉREZ, R.E. N^o. 6.439 DE DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ARENAL Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA RECONSTRUCCIÓN DE MURO TRADICIONAL DE PEDRA E COLOCACIÓN DE PORTAL, SITO NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ Nº. 37, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. JUAN MANUEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 6.517 DE DATA 2 DE DECEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SILVEIRA-O CASTRO Nº. 11-APTO. 5 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE DE FINCA PERIMETRAL NUNHA LONXITUDE DE 158 MTS., REALIZADO CON POSTES DE FORMIGÓN DE 8X10X200 CMS. E REDE METÁLICA ATA UNHA ALTURA DE 1,80 MTS., SITA NO PARAXE DE “MARCOS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A D. CÁNDIDO ALONSO GONZÁLEZ, R.E. Nº. 6.579 DE DATA 3 DE DECEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SOLVADO-BARRANTES Nº. 12 DE TOMIÑO-C.P. 36749, PARA REPARAR A MARQUESIÑA DO CAFÉ-BAR “O XARDIN”, CONSISTENTE EN RETIRAR A ESTRUCTURA EXISTENTE DETERIORADA POR OUTRA NOVA GALVANIZADA, SITA NA RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO Nº. 3-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. XOSÉ MALHEIRO GUTIÉRREZ, R.E. Nº. 6.408 DE DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 113 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA INSTALACIÓN DE 4 VENTÁS TIPO “VELUX” NA CUBERTA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 113, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión o Sr. Español Otero.

A D. SERGIO ALBERTO NUÑEZ ESPAÑOL, R.E. Nº. 6.577 DE DATA 3 DE DECEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A GRANXA Nº. 4 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA DA EDIFICACIÓN AUXILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 85,00 M²., CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA E BARROTILO DE MADEIRA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E POBLADO CON TELLA DE RECUPERACIÓN, SITA NA RÚA DE A GRANXA Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- PRÓRROGA DE OBRAS.-

Lese o escrito RE 6618 de data 05/12/2013, presentado por D.JUAN JOSE FERNANDEZ SOBRINO e MARIA MONTSERRAT GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Manuel Álvarez nº 16, portal 5, 1º E de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 184/2010.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prorroga de obras a licencia 184/2010, por tres anos.

Reincorporase á sesión o Sr. Español Otero.

PUNTO 3.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- 6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.
- 7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.
- 8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D. MANUEL FOUCE DÍAZ, R.E. Nº. 5.112 DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NO PASEO DE VALLDAURA Nº. 44-4º 2 DE BARCELONA-C.P. 08031, PARA “REFORMADO DE BÁSICO E EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) E CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICACIÓN AUXILIAR DESTINADA A BODEGA E GARAXE” DESARROLLADA EN (PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE 6º TRANSVERSAL SOLANAS, S/N., EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.). En cumprimento no disposto no artigo 4.2 do Decreto 262/07, do hábitat, deberá recollese expresamente que o proxecto que serviu de base para o seu outorgamento cumpre coa normativa do hábitat galego.

A D. ELÍAS GONZÁLEZ LOMBA, R.E. Nº. 5.139 DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 86 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE “GARAXE PARA VEHÍCULOS AGRÍCOLAS” DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA), SITO NA RÚA DE 4º TRANSVERSAL CORUTO VELLO, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.). O outorgamento da licenza queda condicionada a aportación dun aval por importe de 1.000,00 euros, para garantir a urbanización do solo de cesión.

A D^a. ANA KARINA COBALLES TRIGO E D. JOSÉ ANTONIO GÓMEZ DE SANTIAGO, R.E. Nº. 4.344 DE DATA 6 DE AGOSTO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 56-3º E DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE JOSÉ ANTONIO LOMBA CAMIÑA, S/N. (PARCELA 1), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º 9 DO P.X.O.U.).

Debendo esixirse previamente o solicitante que para o comezo das obras debe aportar proxecto técnico visado conforme o Decreto 1000/2010, e que conte co visto bo do arquitecto municipal, ademais a vista das alegacións formuladas polos interesados no trámite de audiencia, **deberá establecerse no texto da licencia a seguinte cláusula que foi admitida polos solicitantes, “a vista da pendencia xudicial do recurso de apelación plantexado polo Sr. Abeleira contra a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 2 de Pontevedra entablado contra a licencia de parcelación da que trae causa a presente licencia, o Concello de A Guarda declina calquera responsabilidade derivada da concesión da presente licencia interesada polos citados señores, a cal é asumida polos solicitantes da licencia, si finalmente resulta anulada como consecuencia da posible estimación daquel recurso de apelación”.** Asimesmo, **no acordo que se adopte deberá admitirse á renuncia formulada polos interesados á anterior licencia de obras de que son titulares, concretamente, a licencia de obras concedida pola Xunta de Goberno o 15/4/11, transmitida a titularidade a favor dos solicitantes da renuncia mediante acordo do 17/9/2013. Finalmente, o acordo que se adopte de concesión de licencia e renuncia á anterior, notificarase o Sr. D. Rogelio Pereira na persoa do seu representante Sr. Abeleira Cabaleiro, con expresión dos recursos procedentes, isto é, reposición ante a Xunta de Goberno Local ou contencioso-administrativo ante o Xulgado de Pontevedra, nos prazos legalmente previstos.**

“A PRESENTE LICENCIA REMATARÁ NO PRAZO DE SEIS MESES DESPOIS DE QUE SE DICTE A SENTENCIA DO TSXG (Á QUE QUEDA CONDICIONADA ESTA LICENCIA) SE NON PRINCIPIAN AS OBRAS, E NO DE TRES ANOS SE NON SE REMATARÁN AS MESMAS DENDE A DATA DA CITADA SENTENCIA EN FIRME (RECURSO DA SENTENCIA 154/2013 NO TSXG DO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.º 2 DE PONTEVEDRA). (ART. 197.1 DA LEI 9/2002 DE 30-12-2002).

A D. VICTOR SIMOES RODRÍGUEZ, R.E. N.º 5.534 DE DATA 11 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 2º TRANSVERSAL DE PINTÁN N.º 26 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA “REFORMADO DE PROXECTO BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR, POLA AMPLIACIÓN DA PLANTA SOTO DESTINADA A GARAXE, INCREMENTO DE SUPERFICIE DE TERRAZAS DA PLANTA BAIXA E PEQUENAS MODIFICACIÓNS NA DISTRIBUCIÓN DAS PLANTAS” SITA NA RÚA DE PINTÁN, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “PINTÁN-PROBA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º 9 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Antes do comezo das obras deberá aportar o proxecto de execución, visado polo colexio profesional, conforme establece o RD 1000/2010, e que conte co visto bo do arquitecto municipal.

PUNTO 4. LICENCIAS DE APERTURA.-

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D.IVAN GÓMEZ ÁLVAREZ (RE 5383 de 04/10/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS PROFESIONAIS. ACTIVIDADES FINANCEIRAS, XURÍDICOS, SEGUROS (Axencia Seguros), (Epígrafe 799), situado na rúa Galicia, nº 85, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D.IVAN GÓMEZ ÁLVAREZ (RE 5383 de 04/10/2013) licenzia (LA 30/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS PROFESIONAIS. ACTIVIDADES FINANCEIRAS, XURÍDICOS, SEGUROS (Axencia Seguros), (Epígrafe 799), situado na rúa Galicia, nº 85, baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D.DAVID ÁLVAREZ MARIÑO (RE 4776 de 04/09/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de EXPOSICIÓN E VENDA DE XANELAS, MAMPARAS DE BAÑO, TOLDOS, ESTORES, (Epígrafe 505.5) situado na rúa Galicia, nº 41, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D.DAVID ÁLVAREZ MARIÑO (RE 4776 de 04/09/2013) licenzia de apertura (LA 31/2013), para a apertura dun local dedicado á actividade de EXPOSICIÓN E VENDA DE XANELAS, MAMPARAS DE BAÑO, TOLDOS, ESTORES. (Epígrafe 505.5) situado na rúa Galicia, nº 41, baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por FUMASAN C.B. (RE 6107 de 08/11/2013) para a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

apertura dun local dedicado á actividade de **COMERCIO MENOR OUTROS PRODUCTOS N.C.O.P.** (Epígrafe 659.9) situado na rúa Galicia, nº 18, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA** :

Conceder a **FUMASAN C.B.** (RE 6107 de 08/11/2013) licenza (LA 32/2013), para a apertura dun local dedicado á actividade de **COMERCIO MENOR OUTROS PRODUCTOS N.C.O.P.** (Epígrafe 659.9) situado na rúa Galicia, nº 18, baixo.

PUNTO 5. CAMBIO DE TITULAR LICENCIA DE APERTURA.-

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por **ALMACÉN LIKIN S.L.U.** (R.E. 6326 de 19/11/2013), para o local dedicado a actividade de **COMERCIO AL POR MENOR DE TODO TIPO DE ARTICULOS** (Epíg. 662.2), situado na Rúa Concepción Arenal nº 83, baixo, que antes figuraba a nome de **BAÚL DO ORIENTE S.L.**

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade **ACORDA** :

Conceder a **ALMACÉN LIKIN S.L.U.** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de Baúl do Oriente S.L., para a actividade de **COMERCIO AL POR MENOR DE TODO TIPO DE ARTICULOS** (Epíg. 662.2), situado na Rúa Concepción Arenal nº 83, baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por **ALMACÉN LIKIN S.L.** (R.E. 6547 de 02/12/2013), para o local dedicado a actividade de **COMERCIO AL POR MENOR DE TODO TIPO DE ARTICULOS** (Epíg. 662.2), situado na Carretera de San Roque nº 13, que antes figuraba a nome de **BAÚL DO ORIENTE S.L.**

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade **ACORDA** :

Conceder a **ALMACÉN LIKIN S.L.** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de Baúl do Oriente S.L., para a actividade de **COMERCIO AL POR MENOR DE TODO TIPO DE ARTICULOS** (Epíg. 662.2), situado na Carretera de San Roque nº 13 de A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenzia municipal promovida por **MARÍA BENEDICTA TABOADA VEIGA** (R.E. 6155 de 12/11/2013), para o local dedicado a actividade de **COMERCIO MENOR DE ALIMENTACIÓN** (Epíg. 647.1), situado na Rúa Outeiro Camposancos nº 31, baixo, que antes figuraba a nome de VALENTINA CARRERO PÉREZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA :

Conceder a **MARÍA BENEDICTA TABOADA VEIGA** cambio de titularidade na licenzia municipal que antes figuraba a nome de VALENTINA CARRERO PÉREZ, para a actividade de **COMERCIO MENOR DE ALIMENTACIÓN** (Epíg. 647.1), situado na Rúa Outeiro Camposancos nº 31, baixo, de A Guarda.

PUNTO 6.- ACORDOS.-

Lese o escrito R.E. nº 1938 de data 15/04/2013 presentado por D. J.M.L.M., con enderezo na rúa República Dominicana nº 16, 1º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa República Dominicana nº 16, 1º

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que comunica que por falta documental requirida en diversas ocasións, non se pode valorar esta solicitude, acorda archivar esta solicitude.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de NOVEMBRO de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 933,29 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de NOVEMBRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 6651 de 09/12/2013, presentado por Dª BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ, domiciliada na rúa Manuel Lomba nº 4, 3º, solicitando o corte de tráfico



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

na rúa Joaquin Alonso os días 14, 21 e 28 de decembro e o 4 de xaneiro, para realización de actividades de dinamización comercial.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, dando traslado deste acordo á Policía Local.

Dáse conta do escrito RE 6504 de data 29/11/2013, da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, achegando denuncia por verteduras de entullos nunha finca no lugar de Catanga deste concello.

A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado ó titular da finca e comunicar a Xunta estas actuacións.

Pasase a dar lectura do escrito RE 5831 de 25/10/2013, presentado por GASEPRO S.L. con dirección Apartado de Correos nº 13 de Arteixo, solicitando autorización para instalación de contenedores de recollida de aceites domésticos neste concello.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o servizo esta cuberto a través doutra empresa.

Dáse lectura ó escrito RE 6505 de data 29/11/2013, da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, achegando denuncia por verteduras de entullos no lugar do Viso deste concello.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se fixeron as xestións para proceder á retirada inmediata dos escombros.

Dase conta do informe do Concelleiro de Patrimonio, relativo a adquisición de camisetas conmemorativas da apertura do Castelo de Santa Cruz, propoñendo que se adquiran 300 camisetas ó prezo de 5 euros c/u, e se vendas ó mesmo prezo.

A Xunta de Goberno, acorda adquirir as camisetas referidas e que o prezo de venda sexa de 5 euros, igual que o prezo de compra.

Sendo as once horas e quince minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.